Abordaxe!

Boletín informativo anarquista
nº 10 · Galiza · Xullo 2016 · mensual

abordaxe.wordpress.com
abordaxe@bastardi.net



Destrúe as barreiras

Sacado da ***publicación anarquista Aversión*** *nº 12.*

Nacións e nacionalismos. Bandeiras de países e as súas fronteiras máis ou menos permeables, máis ou menos letais. Estados, leis e títulos de propiedade, pero tamén cidades e demais asentamentos permanentes. Soberanía como unha cosmovisión que permite tanto esixir e cobrar impostos como recrutar soldados á forza, alistando entre a poboación de maneira evidente e brutal ou mesmo de forma máis sutil. Corpos colgando de arames de púas ou desecados baixo o sol desapiadado dun deserto. Corpos inchados que se afunden nas profundidades escuras ou flotan en mar aberto, lonxe de praias estivais. Tamén corpos hacinados nos CIE, campos de concentración do Capitalismo para aquelas persoas que non teñen os papeis axeitados ou o diñeiro suficiente. Todo iso é soamente unha pequena parte do que significa delimitar terras e mares, é dicir, impoñer barreiras non naturais inventadas por algúns dos humanos pertencentes a esta civilización que nos rodea e que nos afoga, aínda que a soga parézanos invisible ou, talvez, dourada.

As barreiras serven para excluír, para crear unha división entre un interior e un exterior, reflexo da división do mundo en dúas clases: os explotados e os explotadores. As barreiras —xa sexan reais ou imaxinarias— son un instrumento necesario para formar un «nós», unha identidade que poida servir de unión contra toda persoa forasteira no seu sentido máis amplo, ou sexa, o estranxeiro, o estrano, o marxinal, o desviado, e non é casual que «forasteiro» teña a mesma raíz etimolóxica que os vocábulos «fuxido» e «foresta». Antigamente, todo o que se estendía máis aló dos límites dunha cidade adoitaba ser selva e, por tanto, calquera persoa, tribo ou cultura que de alí proviñese era tachada de incivilizada, inferior, ou dito doutra maneira, salvaxe. Agora como entón, o que é diferente ten que ser rexeitado violentamente, domado e logo plasmado e absorbido ou simplemente esmagado da maneira que sexa, xa que leva en si mesmo, na súa mesma existencia, un grave perigo para a estabilidade do sistema de dominación erixido coidadosamente por quen mantén as rendas da sociedade nas súas mans. Trátase do medo a perdelo todo, dado que o seu control sobre un territorio e unha poboación é totalitario, unha verdade absoluta, excluínte respecto de calquera outra posibilidade, precisamente porque a existencia de algo radicalmente diferente ameaza con axudar a poñer en cuestión os cimentos do poder.

Con todo, as barreiras son tamén filtros, unha maneira para controlar os fluxos de persoas e de obxectos transformados en mercadorías. Ábrense e péchanse segundo lóxicas da economía ou simples antollos. Unha fronteira tenta crear unha ausencia de movemento —aínda que sexa momentánea— para esixir un prezo, unha tarifa, sacar proveito dos fluxos máis básicos da vida, tentando impoñerse sobre o seu nomadismo intrínseco. As aduanas son unha proba de que nada cambiou ao longo dos últimos milenios, a pesar da retórica dunha sociedade baseada na «liberdade». En realidade, as aduanas soamente cambian de sitio e de forma, e nosas limitadas ou aparentes liberdades de movemento e de expresión son simplemente unha das caras da moeda. Porque, ao mesmo tempo, son os disparos da Garda Civil sobre quen tenta cruzar os valos en Ceuta. Son o peche de miles de migrantes en prisións en Libia, subvencionadas pola Unión Europea desde a época en que Gadafi aínda non era un ditador para os políticos e xornalistas do «Primeiro Mundo» senón un representante dun poderoso Estado petroleiro. Son tamén as miradas das persoas con aínda menos sorte, no momento exacto en que se dan conta de que foron afastadas da costa mediterránea en camións para

* *continúa na páxina seguinte*

ser abandonadas sen auga no medio do deserto do Sahara. Son as bombas israelís que choven periodicamente sobre Gaza, e os controis interminables nos checkpoint ao longo do Muro de Cisxordania que vexan aos palestinos mesmo cando están na padiola a piques de morrerse ou de parir. Son os radiotransmisores de fondo e as risas sádicas dos Minutemen mentres fan as súas roldas paramilitares na fronteira Sur de Estados Unidos. Son o último latexado de quen morre sufocados mentres se resisten á repatriación forzada que algún axente de policía democrático disponse a levar a cabo con moito entusiasmo. Son ademais as chaves das celas dos CIE que os operadores da Cruz Vermella Italiana levan nos seus petos, como un carcereiro calquera, e os paus que amablemente traen aos antidisturbios que entran para reprimir a enésima revolta dos migrantes recluídos.

Desde o seu nacemento, a Cruz Vermella foi unha ferramenta para os intereses dos poderosos. Por unha banda, esta organización militar cura as feridas dos soldados para que non sufran demasiado os horrores da guerra e non acaben amotinándose, e para que poidan volver á fronte canto antes, a seguir combatendo e conquistando. Polo outro, a Cruz Vermella proporciona ás poboacións invadidas o mínimo necesario para que sobrevivan e non cheguen nunca á desesperación que alimenta as revoltas, traballando ademais como os ollos e as orellas do aparello militar, ao mesmo tempo introducindo entre «os salvaxes» o novo estilo de vida que hai que seguir e os novos produtos que hai que consumir, sen ter que convencerlles a través do uso das armas. É simplemente a cara bonita do militarismo e non é nin benévola nin neutral: a única faceta «neutral» da Cruz Vermella é que realmente dá igual a cor da gravata ou do uniforme que os seus dirixentes leven, algo que se pode apreciar observando fotos de Carlos Eduardo de Sajonia-Coburgo-Gotha, príncipe alemán, famoso por ser neto de Vitoria, raíña británica, e un pouco menos famoso por ser un nazi exemplar e por ser durante o goberno de Hitler o presidente da Cruz Vermella Alemá.

O sufrimento causado pola existencia de fronteiras non vai desaparecer grazas a reformas e leis menos ríxidas ou peticións e uns CIE «máis humanos». Regular o grao de permeabilidade dunha fronteira nunca tocará os cimentos daquela barreira en si e, por tanto, seguirá habendo dúas clases distintas de persoas e unha xerarquía de dominación. Seguirán os negocios, o Capitalismo e o espolio do colonialismo. Non podemos criticar radicalmente e desfacernos das forzas armadas e represivas sen facer o mesmo coas fronteiras externas e internas que os soldados, policías e gardas xurados controlan. Como tampouco podemos facer ao revés, porque cada elemento do Sistema depende intimamente doutro e viceversa.


Se alguén quere pensar que podería existir un truco, este seguramente non será ir cara ao «centro», cara ao Poder, conquistalo, tomar as rendas do Estado para xestionalo mellor. Non hai maneira de administrar ben a morte, a destrución, a escravitude, o sufrimento e a opresión. Pódese tentar dar unha nova capa de cor ao Sistema pero será o que sempre foi.

Como analiza tamén James C. Scott no seu libro sobre unha vasta zona de terras altas de Asia Sudoriental denominada Zomia, o que permite a destrución de todo tipo de fronteiras e barreiras non naturais, tanto físicas como mentais, é o feito de afastarse do Estado. Distanciarnos do «centro» e mesmo das «periferias» —que, para ser tales, sempre gravitan ao redor dun «centro»— libéranos, situándonos fora do alcance das garras do Poder, lonxe do seu control sobre cada detalle das nosas vidas e lonxe da súa influencia sobre os nosos sentimentos e pensamentos. Buscar a marxinalidade e o nomadismo, aínda que sexa só metaforicamente, como actitude, quere dicir atopar eventualmente espazos e momentos para nós, para desenvolvernos sen a homoxeneidade esmagadora que o Estado nos quere impoñer.

Díxose nalgunha ocasión, non por casualidade, que certas poboacións chinesas das zonas fronteirizas comezaran a seguir a vía do pastoreo nómade e que se construíu a Gran Muralla tanto para manter aos chineses dentro de China como para manter aos bárbaros fóra.

Mentres existan papeis, sempre haberá quen non os teña.

Mentres existan fronteiras, sempre haberá alguén que non poderá cruzalas.



Novas



Gabriel Pombo Da Silva sae de prisión. Comunicado do compañeiro.

Querid@s compañeir@s;

Finalmente, despois de moitos logos e diretes por parte das institucións carcerárias e de interior, víronse na obriga de cumprir as súas propias leis, que por outra parte, sempre incumpren, e aquí estou finalmente libre, redactando éstas primeiras palabras de gratitude e amor a todos e todas @s que durante estes últimos 30 anos acompañástesme e reafirmástesme nas miñas propias crenzas anárquicas, levando a cabo valores e principios tan básicos do anarquismo como son o apoio mutuo e a solidariedade e que finalmente lograron arrincarme das garras da besta carcerária, a cal continuarei combatindo desde a rúa sen esquecerme, obviamente, do propio combate que se está librando fora, pois para min, básicamente non hai apenas diferencia entre un sistema e o outro.

Teño moi claro que, aínda dentro de todo isto, síntome bastante privilexiado por ter contado co apoio d@s compañeir@s pois son moit@s @s que non gozan desta posibilidade. Nos próximos días sacaremos máis comunicados entrando xa en materias máis específicas no que concerne ao noso movimento e as posibles estratexias que debemos desenvolver para sanear de todo institucionalismo e bon-rollismo o anarquismo revolucionario dos nos@s maiores. Quero que conste que xamáis esquecerei @s nos@s compañeir@s libertarios encarcerad@s no Estado español e no mundo, particularmente a Mónica, Francisco, Claudio e a última compañeira detida que próximamente será extraditada ao Estado alemán, deixando a moit@s sen nomear.

Queda moito por facer, cónstame, pero desde logo non será por gañas, ilusión e empeño. Nestes instantes non vou a referirme ás mesquindades postas en práctica pola administración carceraria para tratar de impedir a miña saída. Isto documentarémolo con papeis oficiais, nos que se denota, claramente, o burda e chafalleira que é a administración de xustiza deste país. Son libre e, segundo parece, en 45 días pretenderán querer encarcerarme de novo, soltarán de novo os seus galgos. Obviamente non entrarei voluntariamente nin participarei de ningún modo nalgún tipo de saída pactada ou negociada coa "chusma", polo tanto, supoño que non me queda máis remedio que continuar como sempre loitando desde a sombra, apoiando aqueles procesos e proxectos antiautoritarios que considero necesarios impulsar, apoiar, con todos os medios ao meu alcance desde a clandestinidade que me impoñen.

Mencionar a todas as persoas e organizacións que durante todos estos anos me teñen apoiado sería imposible, porque son demasiadas. Soamente que se sepa que podedes contar comigo onte, hoxe e sempre polo anarquismo e a revolución social. Desde un lugar hoxe, fora dos muros, saúdos inmensos a tod@s @s meus irmás/ns en latinoamérica e no sul europeo, coa confianza de atopármonos neste traxecto e proxecto de emancipación que son as nosas vidas en loita.

Arquivada a causa da "Operación Pandora 2"

Acabamos de coñecer a excelente noticia do arquivo da causa da "Operación Pandora 2". Este procedemento penal, froito do envite represivo do estado contra a contorna anarquista, levou ao arresto de 11 persoas, ao rexistro dunha decena de locais libertarios e a prisión preventiva dun dos procesados por suposta pertenza a unha "organización terrorista de corte anarquista".

Aquí deixámosvos a tradución ao galego que o blogue amigo O gajeiro na gávea fixo da noticia orixinal en ContraMadriz:

Chéganos por diferentes médios a boa notícia de que a causa contra as compas represaliadas na segunda parte da Operaçom Pandora (*) foi arquivada. A juíza do caso afirmou que "***Nom se obtiveram no presente procedemento datos objetivos, acessíveis a terceiros e verificáveis que poidam considerarse indícios para afirmar, nem sequer de maneira indiciária, a participaçom das investigadas nos feitos que se lhes imputa***".

A juíza (da Audiència Nacional) considera que a unidade que comandava a investigaçom (Área de Análise da Comisaria Geral de Informaçom dos Mossos) "***só logrou comprovar que as investigadas relacionávam-se com pessoas do coletivo anarquista, algumhas de-las com antecedentes penais***". Os sucessivos informes desta unidade "***limitárom-se a informar sobre reunions, viagens e vissitas a centros penais***", pero a juíza **nom ve nenhum elemento provatório em relaçom com feitos ilícitos nem á pertenza a nenhuma *"organizaçom terrorista"***. Mais de 500 polícias, meses de investigaçom, para chegar á conclusom de que as detidas relacionávam-se com pessoas da contorna anarquista…

Outro aspecto para mencionar do auto é que se refirem aos **GAC como Grupos Anarquistas Cataláns**, outra mostra do cacao mental que tem essa escória.

Fai-se de novo evidente a estratégia do Estado, de atacar seja coma seja, a solidariedade anarquista. Co objetivo de paralisar esta solidariedade, assim como as luitas nas que nos atopamos, usando toda a sua força em operaçons espectaculares que golpeam á contorna anarquista.

Fronte a isto só quéda-nos preparar-nos para o que poida vir no futuro, fortalecer os nossos laços de solidariedade e apoiar a aquelas que continuam em processos repressivos; manter-nos firmes na nossa luita contra o Estado e toda autoridade, e deixar bem claro que a represom só logrará acender ainda mais os nossos coraçons.

E a pesar da boa notícia, lembramos que ainda ficam muitas compas á espera de juízo polas diferentes partes deste processo repressivo, que ainda ficam compas em prisom, como Mónica e Francisco, condenadxs recém a 12 anos de prisom. A solidariedade deve continuar, a luita deve continuar.

NEM INOCENTES NEM CULPÁVEIS, ANARQUISTAS SIMPLEMENTE

MÃO TENDIDA Á COMPA, PUNHO PECHO AO INIMIGO

—————

(*) Na denominada Operaçom Pandora II, a polícia catalana detivera a nove pessoas e registrara umha dezena de locais libertários e vivendas particulares acusadas de ser parte dumha suposta "organizaçom terrorista de corte anarquista". Umha das pessoas encausadas, Quique, estivera em prisom preventiva durante várias semanas.

Mais informaçom sobre esta Operaçom Política no blogue Abordaxe

A compañeira detida o 13-A atópase encarcerada na cidade alemana de Köln

Fonte: ***solidaritatrebel.noblogs.org***

NdA: No contexto deste caso, o pasado 6 de Xullo, arrestan en Amsterdam a outra compañeira anarquista sobre a que recae a mesma acusación.

O pasado día 30 de xuño a compañeira detida o 13-A en Barcelona chegaba finalmente á cela da prisión de Köln (Nordrhein-Westfalen) onde se espera que cumpra o período de prisión preventiva previo ao xuízo. Segundo informounos a súa avogada en Alemaña, ela atópase tranquila e coa moral alta.

A chegada da compañeira a territorio germánico supón o fin dun proceso que durou un mes, dende que a finais de abril a Audiencia Nacional ordenase a súa extradición definitiva, proceso durante o cal estivo en todo momento acompañada pola actividade na rúa de solidarias que lle apoiaron de múltiples formas. A semana posterior á noticia da decisión xudicial, unha manifestación percorreu as rúas de Gràcia (Barcelona) en rexeitamento ao encarceramento e a extradición. Unhas semanas despois, durante o mesmo mes, unha ruidosa concentración ás portas do centro penal español de Soto de Real fixo posible, mediante pirotecnia e megafonía, que a voz da rúa traspasase os muros da prisión e debuxase un sorriso á cara da nosa compañeira. Finalmente, o día que nos decatamos de que a extradición se había iniciado, unha manifestación solidaria saíu ás rúas da cidade de Manresa para mostrar a súa solidariedade. Paralelamente, durante todo o mes foi aumentando a presenza de carteis, pancartas e pintadas nos barrios esixindo a liberdade da encarcerada, e varios intereses alemáns foron atacados en resposta a esta operación represiva, en concreto unha oficina do Deutsche Bank en Sant Andreu, e unha escola de negocios vinculada ao Estado alemán no barrio do Clot.

Agora empeza unha nova etapa no secuestro da anarquista detida o 13A. Na prisión de JVA Köln continúa atopándose en situación de illamento, estando soa na cela e saíndo unha hora ao patio (o mínimo fixado pola legalidade). As súas comunicacións están fortemente restrinxidas, sen poder telefonar ás súas persoas próximas, coa correspondencia postal intervida, e cun número de visitas autorizadas menor, condicións que se espera que se manteñan ata a celebración do xuízo, durante o cal lla xulgará pola expropiación dunha oficina do Pax Bank (entidade vinculada ao Vaticano) ocorrida o outono do 2014 na cidade de Aachen.

Desde aquí queremos deixar claro que o feito de que a compañeira fose levada fóra do Estado español non fará que o noso apoio decreza, senón todo o contrario. Canta máis distancia tenten impoñer entre ela e o movemento de loita do que forma parte, máis se darán conta que non hai nin muros nin quilómetros que poidan romper o noso vínculo e o noso compromiso político común.

Chamamos unha vez máis á solidariedade internacionalista e revolucionaria, a non deixar soa en mans do Estado a quen é perseguida baixo a acusación de rebelarse contra unha orde que nos oprime a todas.

Nada acaba, todo continúa!

A rúa as loitadoras presas!

[A Coruña] Pintadas nazis no Ateneo Libertario Xosé Tarrío

A fachada e a porta do Ateno Libertario Xosé Tarrío da Coruña apareceron cubertas de pintadas fascistas. O nome do Ateneo tachado, duas esvasticas, vivas a Franco, a españa e a Jose Antonio (Primo de Ribera supoñemos, ainda que con estes mendrugos vai ti a saber a que estúpido tarado fan referencia), todo pintado con spray vermello nos dous muros que dan a rúa, foi o patético xeito que atoparon xs fascistas para tentar atacar o Ateneo Libertario coruñés, pois a luz do día son absolutamente incapaces de facer nada en absoluto. Xa non é a primeira vez que algún elemento de extrema dereita asoma tímidamente as orellas na cidade herculina, xa sexa con pintadas, cartaces ou pegatinas, pero sempre foron decididamente combatidos nas rúas polxs antifascistas coruñesxs, infinitamente máis numerosos e activos. Pero en espera de que xs culpables reciban o seu merecido, haberá que estar atentos para que as ideoloxías autoritarias do odio, a discriminación e a xenofobia non cobren forza por estes lares expoleadas pola crise, a precariedade e as irresponsables mensaxes racistas e eurocéntricas auspiciados dende o poder.

[A Coruña] Prescrito e arquivado o caso do C.S.O. A Casa das Atochas

C.R. *para Abordaxe!*

Nada que non imaxinásemos xa desde hai tempo. O que ata agora era unha firme suposición acabábase de converter en puritita realidade: o xuízo contra os okupantes do Centro Social Okupado A Casa dás Atochas queda definitivamente arquivado por prescrición.

Así que xa é un feito: os activistas procesados por esta mítica okupación coruñesa, pioneira e precursora da consecuente ondanada de okupacions en Galiza, saen de rositas de todo o proceso. Boa noticia por partida dobre, pois deste xeito a avultada caixa de resistencia daquel proxecto usurpador poderá destinarse a outros nobles fins solidarios e antirrepresivos.

Nahuel detén a folga de fame.

Informábamos na web de Abordaxe fai uns días de que o compañeiro Nahuel optara por iniciar unha folga de fame contra todas as arbitrariedades represivas que se están a levar a cabo contra él, a última das cales foi o seu traslado á prisión de Sevilla II (Morón de la Frontera) onde unha vez máis se lle nega o acceso a unha dieta vegana axeitada, vulnerando os seus dereitos coma preso. Agora vimos de saber por unha nota informativa enviada polas compas da Plataforma Nahuel Libertad que o compañeiro decidiu deter xa a folga de fame, tras obter supostas garantías de que recibirá a atención médica que estaba solicitando sen éxito ata agora. Segue a continuación a nota informativa recibida.

Traducida por ***Disnomia*** *para Abordaxe:*

Última nova – Nahuel deixa a medida de loita

Desde Andalucía recibimos información dalgúns compañeiros de Nahuel que pudieron visitalo este último sábado.

NAHUEL deixou a folga de fame tras recibir a visita de avogados de Dereitos Humanos de Sevilla. O principal motivo desta folga era recibir a atención médica axeitada para a doenza abdominal que padecía dende fai tempo e que o equipo médico de prisión tentaba paliar só con analxésicos sen obter resultados positivos.

A fin da folga de fame produciuse tras o anuncio das medidas médicas necesarias para a saúde de Nahuel.

Raul Agulheiro condenado a 7 anos e meio de prisom

Fonte: ***ceivar.org***

O juízo que se iniciava contra o independentista Raul Agulheiro nom chegou a celebrar-se por ter chegado a um acordo a defesa, fiscalia e a avogacia do Estado. Esta pacto traduze-se em 3 anos por pertença a banda armada, 3 por tença de explosivos e 1,5 por danos. Delito, este último que foi reduzido já que num primeiro momento foi acusado por estragos. A condena também acarreia umha sançom económica.

Raul Agulheiro foi separado da sua contorna vital em Outubro de 2014. Destacado ativista em prol dos âmbitos de defesa do idioma, das equipas galegas, da solidariedade com as/os retaliadas/os e dos movimentos independentistas.

Desde Ceivar queremos agradecer o esforço das dezenas de pessoas que se deslocaram a Madrid para arroupar ao Raul.

A nossa solidariedade é imparável!


Dirección:

Raul Agulheiro Cartoy

C.P. Madrid VII
Ctra. mas-241, km 5,750
28595 Estremera
Madrid



Opinión



Puntais e promesas

Texto extraido da publicación ***«La misma apuesta».***

Do *«ninguén nos representa»* a *«a representación dos ninguén»*

Todos os partidos de esquerda tentaron sacar tallada das mobilizacións do 2011 coñecidas como «*movemento 15M*» ou simplemente *«15M»*. Dos berros que máis se escoitaron naqueles primeiros días, quizais os de «non nos representan» ou «*ninguén nos representa*» foron os que máis retumbaron. Pero os políticos e aspirantes estaban entre aqueles balbordos, esperando o momento oportuno para darlle un xiro fácil e non tan inesperado. *«Ninguén nos representa BEN»* acabaría sendo a súa tradución e actualización.

Non imos facer un percorrido dos motivos que levaron a todas esas mobilizacións, moitas das cales a día de hoxe perduran con formas cada vez máis direccionadas a salvar o que queda ou algunha vez houbo de «*benestar*» no Estado. Benestar, nunca está de máis repetir, no sentido burgués, entendido como confort para uns poucos e miseria para a maioría.

Reaxustes e desestabilización económicos, deslocalización da industria, desinfle das diferentes burbullas (financeira, inmobiliaria), etcétera, cousas que escapan a este análise pero que non poden deixar de virnos á mente cando pensamos en que todas estas son inherentes ao capitalismo e inevitables para a súa conservación. Con todo, non se pode curar unha epidemia, a praga do capitalismo, con antinflamatorios.

Había unha monxa, un profesor, unha activista e un avogado…

De todos aqueles que viñeron cumprir a función de apuntaladores do Sistema, interésannos esas formacións supostamente xurdidas *«desde abaixo»* pero que non son máis que fillos do nivel de vida que buscan defender; saídas dos *«movementos sociais»* aínda que nestes movementos non fixeron outra cousa que carreira política alternativa, un trampolín ás altas esferas da política. E aínda que no fondo, do mesmo xeito que as formacións políticas máis clásicas, apelen á emoción, aproveitense da escasa cultura política dos seus futuros ou actuais electores, coman do prato do boom mediático, e fagan dos *«personaxes»* a correa de transmisión máis que das mensaxes, o que os diferenza é que responden a un desexo profundo dos defensores do existente: a substitución do que se dá a chamar a *«caste»* política por unha nova, máis nova, pero á fin e ao cabo non menos caste.

A mestura entre sentido apolítico da política moi característico das mobilizacións cidadás e o popurrí folclórico da esquerda marxinal deu resultados como poderían ser o partido Podemos en Madrid, a reciclaxe das CUP en Cataluña, e a creación das formacións catalás como Proces Constituent e, máis recentemente, Guanyem Barcelona. *«Atopámonos nun momento histórico onde é necesario dar un paso adiante e reunir forzas»* óese… pero, para que? Para apontoar o Sistema. Diso tratan todos estes procesos chamados participativos. Ou como dicían nas anteriores eleccións parlamentarias as CUP: *«O teu voto, a túa loita». A mesma cantilena de sempre. «Trátase da política*

de partidos de sempre, remocicada, e expresada no momento e o lugar oportunos, para oídos que estaban moi dispostos a escoitar. No momento en que a degradación social ía camiño de converterse en irreversible, cando as condicións de vida sufrían un afundimento xeralizado e o descrédito das institucións profundábase, a voz dos oprimidos reclamou amos mellores, e aqueles que sempre están dispostos a acudir á chamada, por fin, apareceron. Trátase, sobre todo, de apontoar as ruínas e tentar, por todos os medios, ampliar os prazos de vencimiento dunha forma de vida condenada desde hai tempo.»[1]

Todos fálannos de repartición da riqueza, pero ninguén cuestiona de onde sae toda esa riqueza. Falan do vello conto de copar as institucións, pero non son capaces de cuestionar que esas institucións que pretenden *«copar»*, ou mellor dito *«salvar»*, son un cúmulo de opresión en si mesmas. Salvar á nación, ou crealа se fai falta, cunha especie de patriotismo lixeiro e pseudo anticapitalista, contra o malo estranxeiro que pon en perigo o local: neste momento a Banca estranxeira, os Poderes estranxeiros, as Institucións estranxeiras; pero ben sabemos como de fácil é que o adxectivo pase ao plano principal, cos seus historicamente repetidas consecuencias.

Nacionalismos *«progres»*

Hai diferentes métodos que o discurso nacionalista de esquerdas utiliza conscientemente para neutralizar as críticas na súa contra. Un deles, o máis básico e simple, é a través da crenza de que unha crítica ao seu nacionalismo (bo, oprimido, de esquerdas) beneficia ao outro nacionalismo (malo, opresor, de dereitas), cando no fondo, desde unha perspectiva antinacionalista, é fácil rebater a súa estratexia: nin un nin outro.

Os discursos nacionalistas que falan de independencia e autodeterminación moitas veces eluden —polo menos aqueles que proveñen da esquerda supostamente autónoma e (tamén supostamente) extraparlamentaria— nomear a cuestión do Estado. Fálannos de soberanía, pero dentro do discurso de gobernabilidade soberanía sempre significará soberanía estatal. Os modelos que albiscan no seu horizonte deixan entrever cal é o modelo social que anhelan: Cuba, Venezuela, a Rusia leninista.

Hai un tempo, cando comezaron a notarse os primeiros movementos do actual proceso de reestruturación capitalista en Europa, uns compañeiros franceses repartiron un texto no que advertían sobre o posible auxe dun nacionalismo de esquerdas. Moitos interpretarían esta advertencia como pouco preocupante; despois de todo, o realmente preocupante é que suban os nacionalismos de dereitas. Con todo, o que en realidade advertían os compañeiros era esa capacidade catalizadora e desmovilizadora que estes nacionalismos de esquerdas conteñen; e que, despois de todo, non son máis que axentes políticos capaces de levar as loitas anticapitalistas a terreos moito máis beneficiantes para o sistema representativo, para a política institucional, por exemplo a defensa da democracia, do Estado de benestar ou as estreitas canles da cuestión nacional; e, en definitiva, a defensa do Sistema.

Aparentemente xorden do espectro anticapitalista, pero non mencionan ao Estado democrático na súa crítica, cando os Estados democráticos sempre son capitalistas, e a democracia é algo a salvar por medio dun estraño concepto de *«socialismo»* que ninguén sabe exactamente que significa. E non nomean practicamente o termo comunismo, porque as imaxes da Rusia decadente e totalitaria ou dunha Cuba bloqueada non son nada atractivas como propaganda para esa clase media que é a base electoral desta *«esquerda un pouco máis á esquerda»*.

Ensaladilla rusa con arepas

Os políticos soben ou baixan non en base a quen poxa máis ou menos na poxa que é o mercado da política, senón en base a cal relato é máis imposible. A imposibilidade está sobrevalorada, aínda que os votantes saben de antemán que o que os políticos venden non son máis que contos, ilusións que estas formacións políticas da chamada *«nova esquerda»* emerxente no Estado español están a saber xestionar. Pero esta esquerda de *«nova»* ten pouco.

Non podemos evitar pensar en que a mestura da vella e clásica esquerda autoritaria —a que naceu á sombra do estalinismo—, a socialdemocracia reformista e o populismo latinoamericano, ben entreverados e cuns matices particulares da idiosincrasia ibérica, deu a luz uns fillos bastardos, estes novos partidos que o Estado necesita para rexuvenecerse e curarse en saúde.

Comparalos co estalinismo, a socialdemocracia e o populismo latinoamericano déixanos tamén visualizar cal é o camiño político polo que apostan e que queren tomar estas formacións, comparación que seguramente para eles non é máis que un eloxio. Non nos esquezamos que, entre outras hazañas, foi o estalinismo o que deportou a pé a un millón e medio de chechenos ata o deserto de Kazakistán e o que desertificó, no seu afán productivista, o mar Aral; que foron os socialdemócratas alemáns os que fundaron nesas terras os campos de concentración para encerrar a socialistas revolucionarios e anarquistas; que é Evo Morales o que está a expulsar aos indíxenas da selva cos seus plans para a expansión capitalista ou que o proxecto bolivariano descansa nas costas exhausta e os corpos masacrados de campesiños, indíxenas e nas transaccións petroleiras co seu *«inimigo»* Estados Unidos, máis aló do mérito de nacionalizar a Coca-Cola.

No fondo, chamar *«nova esquerda»* a estas formacións continuistas é quedar a medio camiño entre o insulto e a parodia.

Elocuencia

Aquel que fala é porque sabe falar, e o que escribe, porque sabe facelo.

Todos aqueles que utilizamos a fonética ou a gramática para comunicarnos é porque dalgunha maneira, con maior ou menor éxito, sabemos facelo. Pero a elocuencia, aquela forma de expresión co obxectivo de deleitar, de sorprender, de persuadir a través de palabras e xestos, se hai alguén que sabe facelo ben é aquel que niso vai a súa profesión, os profesionais do asunto: os actores, os contacontos e, por que non, os políticos.

